



CONCELLO DE XERMADE  
Praza do Concello, s/n  
27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982 501 001  
Fax: 982 501 027  
www.xermade.org

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL QUINCE.

### ASISTENTES:

#### Presidente:

D. Roberto García Pernas.

#### Concelleiros:

D. Luis A. Vilasuso Seco  
D. José Prieto Barro.  
D<sup>a</sup> Tamara Paz Balsa.  
D. Tomás Rodríguez Arias.  
D. Antonio Riveira Requeijo  
D. Mario Felix García Prieto  
Dna. Isabel Campello Ares.  
D. Óscar González Pardo  
Dna. María do Mar Hermida Pico.

#### Falta previa excusa:

D. Carlos Alberto Guerra González

#### Secretaria- Interventora:

Dna. Ana Elena Fernández del Valle .

No salón de sesións da Casa do Concello de Xermade, sendo as vinte horas e cinco minutos do día vinte e oito de setembro de dous mil quince, xúntanse, en cumprimento do disposto nos artigos 195 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral e art. 37.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por RD 2568/86 de 28 de novembro, en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros/as electos/as relacionados/as na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora do Concello Dona Ana Elena Fernández del Valle .

### 1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

O Sr. Alcalde preguntalles aos señores concelleiros se desexan realizar algunha observación sobre a acta da sesión anterior de data 13 de agosto de 2015, de carácter ordinario.

Non existindo alegacións, o borrador da acta resulta aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes.

### 2.-MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 10/2015; TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE DISTINTA ÁREA DE GASTO.

Dáse conta da seguinte:

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA.**

Visto o expediente de MC/TC pleno 10 /2015 e o informe de Secretaría Intervención de



**CONCELLO DE XERMADE**

Praza do Concello, s/n  
27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982 501 001  
Fax: 982 501 027  
www.xermade.org

data 16 de setembro de 2015, **proponho que polo Pleno da Corporación** se adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a modificación MC/TC pleno 10 /2015, segundo o seguinte detalle:

Partida que se minora:

912.100 : Gastos de persoal órganos de goberno: - 9.000,00 euros.  
912.160: Cotas sociais: - 2.500,00

Partidas que reciben crédito:

165.221: Subministracións (alumeado público motobombas e focos): + 6.000,00 euros.  
459.619: Inversións en infraestruturas municipais : +3.000,00 euros.  
342.221: Instalacións deportivas: Subministros campos de fútbol:+2.500,00 euros.

**Segundo.-** Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, publicándose o acordo no BOP por prazo de 15 días hábiles e considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública, debendo publicarse a aprobación definitiva.

Xermade, 16 de setembro de 2015 .

O Alcalde toma a palabra e di que o que se fai é unha transferencia de crédito da partida de retribucións dos órganos de goberno a outras, que son as de alumeados públicos, motobombas, focos, subministros dos campos de fútbol e a de infraestruturas, para arranxar unha estrada de Cazas, concretamente a de O Seo, por atoparse nun pésimo estado, tratando de ser posible de reparala antes da festa.

O Alcalde concede a palabra ó voceiro do grupo popular D. Tomás Rodríguez Arias, que di que a dúbida que tiña xa foi resolta, xa que ía preguntar cál era a estrada de Cazás a reparar.

A continuación toma a palabra o voceiro do BNG D. Óscar González Pardo, quen pregunta a qué motobombas fai referencia. O Alcalde di que son gastos en alumeados en xeral, pero que é unha partida xenérica que se chama focos, motobombas e alumeados, e que ao ser partidas con pouco crédito e ter outras con remanente considerou adecuado plantexar dita modificación orzamentaria.

A concelleira do BNG D<sup>a</sup> María do Mar Hermida Pico, lémbrale que a partida de subministros campos de fútbol contaba cunha dotación inicial de seis mil euros; pregunta qué subministros vaise facer se no caso de incrementar a partida, e en relación co incremento dos subministros en campos de fútbol quere saber en cáles. O Alcalde responde que o crédito vaise repartir entre todos os campos que precisen crédito ata



## CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n  
27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982 501 001  
Fax: 982 501 027  
www.xermade.org

rematar o ano.

En relación coa proposta de dotar con tres mil euros a partida de inversión en infraestruturas, pregunta si exclusivamente vanse destinar a pista de O Seo–Cazás, e si realmente considera que é a pista mais necesitada do Concello.

O Alcalde responde que efectivamente considera que é a mais necesitada de reparación, aínda que hai mais que o precisan como algunha en Lousada.

A concelleira, pregunta en relación coa partida 165.221 de subministros-alumeado público- motobombas-focos, se xa non hai crédito, pois a dotación inicial era de sesenta mil euros.

O Alcalde responde que non sabe precisar o crédito dispoñible ó non estar prevista a pregunta, polo que contestará no seguinte pleno.

D<sup>a</sup> María do Mar Hermida Pico di que lles está pedindo o voto para modificar o orzamento neste pleno non no vindeiro, e pregunta se ten unha planificación das necesidades municipais para o tema dos focos. O Alcalde responde que existen unha planificación xa que fai percorridos polo municipio para coñecer as necesidades, ademais das demandas dos veciños do municipio que son valoradas. A concelleira di que se o grupo de goberno ten un estudo das necesidades reais, cando se lles vai facilitar á oposición. O Alcalde expón que non ten inconveniente algún.

A concelleira pregunta se co tema dos focos está pagando favores. Di que a sensación que da ca súa xestión é de obscuridade, de ocultar datos á oposición, e que polo tanto o seu grupo vai votar en contra mentres non lles informe e aporte un proxecto coas necesidades e demandas de focos e alumeado público en xeral, e quere deixar constancia que o BNG non está en contra da instalación de focos no municipio, o que quere es transparencia, coñecer as necesidades, fixar prioridades e que se fagan planificación, nese caso e neses termos apoiarán as modificación orzamentarias que fagan falta, unha vez teñan información.

O Alcalde di que non está pagando favor algún, que xa deixou claro na campaña que no caso de chegar a alcaldía non ía haber “amiguismos” de ningún tipo. Sinala que ten en consideracións as necesidades e da prioridade a algúns casos, e que se o que quere é ter información dos criterios que ten en conta non hai problema en facilitalos. Dende que está no cargo fixo algún cambio de focos, deu de baixa outros en vivendas deshabitadas para aforrar e colocou outros en lugares públicos e outros particulares.

D<sup>a</sup> María do Mar insiste en que o que pide é unha programación, e que o que critica é a ausencia de información, pois aínda que a pista de O Seo precise reparación, hai mas pistas no Concello que demanden reparacións; e lembra ó Alcalde que o que fai o BNG é facer o seu traballo como oposición, algo que o grupo socialista non fixo durante o mandato anterior, no que estiveron “caladiños”.

O Alcalde di que os veciños veñen e manifestan as súas necesidades e o que trata é de dar solucións, sen ocultar nada en ningún momento pois non ten nada que ocultar.

A concelleira do grupo nacionalista manifesta que o PSOE anda dicindo que o BNG non lle deixa gobernar e que di mentiras, o que non é certo xa que ata o momento non lle impediu facer nada, é que unicamente pide que se planifiquen as necesidades dos veciños.

O Alcalde por alusións di que tal afirmación non é certa, e que o PSOE non fixo tal declaración ou acusación.



## CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n  
27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982 501 001  
Fax: 982 501 027  
www.xermade.org

A concelleira di que esas acusacións son certas xa que nunha ocasión e no seno dunha conversa, facendo referencia a unha publicación dixo que o que o BNG manifestaba non era certo.

Rematadas as intervencións, o Concello Pleno por catro votos a favor do grupo socialista, catro abstencións dos concelleiros do grupo popular, e dous votos en contra dos concelleiros do grupo nacionalista galego, adopta o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar a modificación MC/TC pleno 10/2015, segundo o seguinte detalle:

Partida que se minora:

912.100: Gastos de persoal órganos de goberno: - 9.000,00 euros.

912.160: Cotas sociais: - 2.500,00

Partidas que reciben crédito:

165.221: Subministracións (alumeado público motobombas e focos): + 6.000,00 euros.

459.619: Inversións en infraestruturas municipais: +3.000,00 euros.

342.221: Instalacións deportivas: Subministros campos de fútbol: +2.500,00 euros.

**Segundo.-** Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, publicándose o acordo no BOP por prazo de 15 días hábiles e considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública, debendo publicarse a aprobación definitiva.

### **3.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA CESIÓN GRATUÍTA DO BEN PATRIMONIAL TRAMO DE PARCELA Á DEPUTACIÓN PARA A AMPLIACIÓN DA ESTRADA CP 2204.**

Dáse conta da seguinte,

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**PRIMEIRO.** Con data 14 de abril de 2015, rexistro de entrada nº 403, de 23 de abril presentouse solicitude por parte da Unidade de Coordinación, Xestión e Apoio, Área de Xestión Territorial da Deputación de Lugo para a cesión dos terreos precisos para levar a cabo a execución de obras de Acondicionamento da CP -2204 de Momán-As Pontes a Portosouto, sitos na parcela con referencia catastral 2686703NH9928N, resultando unha superficie a ceder de 62m<sup>2</sup>, lonxitude fronte de finca 53,16m.

**SEGUNDO.** Con data 24 de abril, foi emitido informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.



**CONCELLO DE XERMADE**

Praza do Concello, s/n  
27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982 501 001  
Fax: 982 501 027  
www.xermade.org

**TERCEIRO.** Con datas 24 e 27 de abril respectivamente, foron emitidos certificados do Inventario de Bens Municipal e do Rexistro da Propiedade.

**CUARTO.** Con data 24 de abril, emitíuse informe dos Servizos Técnicos Municipais en relación coas características do ben inmovible a ceder e a súa valoración e a súa inclusión nalgún Plan de ordenación.

**QUINTO.** Que en data 27 de abril de 2015 o Pleno o Concello acordou a aprobación inicial da desafectación da parcela con referencia catastral 2686703NH9928N, e en data 9 de xullo de 2015, a aprobación definitiva da desafectación da devandita parcela, e a cesión gratuíta do ben patrimonial parcela con referencia catastral 2686703NH9928N, denominada Horta do Maestro sita en Momán resultando unha superficie a ceder de 62m<sup>2</sup>, lonxitude fronte de finca 53,16m, para a ampliación por parte da Deputación Provincial da estrada CP -2204 de Momán – As Pontes a Portosouto.

**SEXTO.** Con data 29 de xullo de 2015 publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 172, de data 29 de xullo, certificándose por Secretaría o a ausencia de alegacións

**SÉPTIMO.** Con data 28 de xullo, remitiuse o expediente á Consellería competente en materia de Administración Local para o seu coñecemento.

Visto canto antecede, proponho ao Pleno, que coa maioría esixida, en virtude do artigo 47.2.ñ) da Lei 7/1985, de 9 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e do artigo 215.3.m) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, aprobe o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO. Ceder definitiva e gratuitamente á Deputación Provincial o ben inmovible** parcela con referencia catastral 2686703NH9928N, denominada Horta do Maestro sita en Momán resultando unha superficie a ceder de 62m<sup>2</sup>, lonxitude fronte de finca 53,16m, para a ampliación por parte da Deputación Provincial da estrada CP -2204 de Momán – As Pontes a Portosouto cualificado como ben patrimonial, propiedade do Concello de Xermade, con destino a execución de obras de Acondicionamento da CP -2204 de Momán – As Pontes a Portosouto.

**SEGUNDO.** Determinar a reversión automática ao patrimonio deste Concello do ben cedido gratuitamente, se non é destinado ao uso previsto no termo máximo de dez anos.

**TERCEIRO.** Anotar a cesión gratuíta no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, unha vez finalizada a mesma.



**CONCELLO DE XERMADE**

Praza do Concello, s/n  
27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982 501 001  
Fax: 982 501 027  
www.xermade.org

**CUARTO.** Facultar ao Alcalde, D. Roberto García pernas para que subscriba todas as actuacións que se deriven do expediente.

**QUINTO.** Notificar o presente Acordo á Entidade beneficiaria.

**SEXTO .** Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentos rexistrais segundo a Lexislación hipotecaria.

En Xermade, a 15 de setembro de 2015.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e lembra que este asunto xa foi debatido noutros plenos, e que é a última fase.

Os voceiros dos grupos da oposición non fan uso da quenda de intervencións.

Polo tanto, sometida a proposta a votación o Pleno do Concello por maioría absoluta resultante dos votos a favor dos catro concelleiros presentes do PSOE, dos catro concelleiros do PP, e as dúas abstencións do concelleiros do BNG, aproba o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO. Ceder definitiva e gratuitamente á Deputación Provincial o ben inmovible** parcela con referencia catastral 2686703NH9928N, denominada Horta do Maestro sita en Momán resultando unha superficie a ceder de 62m<sup>2</sup>, longitude fronte de finca 53,16m, para a ampliación por parte da Deputación Provincial da estrada CP -2204 de Momán – As Pontes a Portosouto cualificado como ben patrimonial, propiedade do Concello de Xermade, con destino a execución de obras de Acondicionamento da CP - 2204 de Momán – As Pontes a Portosouto

**SEGUNDO.** Determinar a reversión automática ao patrimonio deste Concello do ben cedido gratuitamente, se non é destinado ao uso previsto no termo máximo de dez anos

**TERCEIRO.** Anotar a cesión gratuíta no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, unha vez finalizada a mesma.

**CUARTO.** Facultar ao Alcalde, D. Roberto García pernas para que subscriba todas as actuacións que se deriven do expediente.

**QUINTO.** Notificar o presente Acordo á Entidade beneficiaria.

**SEXTO.** Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que



**CONCELLO DE XERMADE**

Praza do Concello, s/n  
27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982 501 001  
Fax: 982 501 027  
www.xermade.org

efectúen os oportunos asentos rexistrados segundo a Lexislación hipotecaria.

**4.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE XERMADE**

Dáse conta da seguinte,

**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**PRIMEIRO.** Por Resolución da Alcaldía do día 10 de decembro de 2007 acordouse a, adxudicación do contrato de “ASISTENCIA TÉCNICA PARA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA DO CONCELLO DE XERMADE” á **UTE DVEGA, ARQUITECTURA, TERRITORIO E MEDIOAMBIENTE S.L.-PROYESTEGAL S.L.**

**SEGUNDO.** Recibiuse da consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a documentación necesaria ou de interese que se debía ter en conta para a redacción do proxecto de Plan Xeral de Ordenación Urbana.

**TERCEIRO.** O día 29 de novembro de 2010 recibíronse por parte do *equipo redactor* os traballos previos de elaboración do proxecto de Plan Xeral de Ordenación Municipal: facendo entrega de dúas copias en formato dixital e dúas copias gráficas do documento de inicio do PXOM do concello de Xermade.

**CUARTO.** O 30 de novembro de 2010 remitiuse o anteproxecto de planeamento como documento de inicio á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a efectos de elaboración do documento de referencia.

**QUINTO.** En data 21 de decembro de 2010 pola Secretaría xeral de Calidade e Avaliación Ambiental comunícase o inicio do procedemento de AAE; e o 18 de febreiro de 2011 ten entrada no Concello o documento de referencia e os informes de Augas de Galicia e de Residuos. O Concello remite o documento de referencia ó equipo redactor o 22 de febreiro de 2011.



**CONCELLO DE XERMADE**  
Praza do Concello, s/n  
27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982 501 001  
Fax: 982 501 027  
www.xermade.org

**SEXTO.** O día 19 de xuño de 2014, o equipo redactor fai entrega da documentación da fase de aprobación inicial para informe previo do PXOM.

**SÉTIMO.** O día 26 de setembro e 3 de outubro de 2014 respectivamente os Servizos Técnicos e Xurídicos Municipais emitiron un informe respecto da conformidade do proxecto de Plan Xeral de Ordenación Urbana coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada.

**OITAVO.** O día 22 de decembro de 2014, rexistro de entrada nº 1292, recibíuse un informe da consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

**NOVENO.** O día 14 de xullo de 2015 recibíuse o informe sectorial previo á aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal, da Deputación Provincial: Servizo de Vías e obras en materia de estradas, e o 6 de agosto de 2015 o informe sectorial previo da Axencia Galega de Infraestruturas (Consellería do Medio Ambiente, Ordenación do Territorio e Infraestruturas).

Trala adaptación do Plan aos informes recibidos, con data 18 de setembro de 2015, o equipo redactor presenta no Concello o Plan Xeral de Ordenación Municipal para proceder á súa aprobación inicial, ao que acompañan informe relativo á suspensión de licenzas .

**Á vista de canto antecede, proponho ó Concello Pleno que, coa maioría esixida no artigo 47.2 II) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a adopción do seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.** Que se aprobe inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal nos termos que constan no expediente.

**SEGUNDO.** Que segundo o artigo 85.2 da Lei 9/2002, se abra un período de información pública durante dous meses, mediante un anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no *Diario Oficial de Galicia* e, ademais, nos xornais *A Voz de Galicia* e *O Progreso*. Durante ese período quedará o expediente, con todos os documentos que integran o Plan Xeral, incluído o estudo ambiental estratéxico, á disposición de calquera





**CONCELLO DE XERMADE**

Praza do Concello, s/n  
27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982 501 001  
Fax: 982 501 027  
www.xermade.org

persoa que queira examinalo para poder presentar as alegacións que se consideren pertinentes.

**TERCEIRO.** Que se suspenda o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente.

A duración máxima da suspensión segundo o artigo 77 da Lei 9/2002, é de dous anos a contar dende a data de aprobación inicial e en calquera caso se extinguirá coa aprobación definitiva do planeamento.

As devanditas áreas afectadas pola suspensión son as relacionas na seguinte :

**PROPOSTA DE SUSPENSIÓN DE LICENZAS.**

**EN SOLO RÚSTICO.**

Naqueles ámbitos nos que superpostas as clasificacións das distintas categorías de solo rústico dos dous plans, coincidan, poderán outorgarse licenzas, de acordo cos usos que establece a LOUG, e cos preceptivos informes sectoriais, se fora o caso. Cando as categorías de solo rústico nunha mesma parcela non coincidan, poderán outorgarse licenzas para aquelas actividades ou edificacións, que sexan compatibles cos usos permitidos para cada unha delas e cos parámetros máis restrictivos.

**EN SOLO DE NÚCLEO RURAL.**

Superpostas as delimitacións dos núcleos rurais dos dous plans, naqueles ámbitos dos 25 núcleos delimitados no vixente PXOM, nos que coincida esta clase de solo, poderán outorgarse licenzas, sempre cos parámetros máis restrictivos de ambas normativas, é dicir, a parcela mínima será a maior das establecidas, e a fronte mínima será igualmente a maior. Nos demais núcleos rurais delimitados no documento que se aprobe inicialmente, non poderán concederse licenzas de obra nova.

**EN SOLO URBANO.**



## CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n  
27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982 501 001  
Fax: 982 501 027  
www.xermade.org

O núcleo de Xermade está clasificado como núcleo rural no vixente PXOM e clasifícase como solo urbano no plan en tramitación. Poderán concederse licenza naqueles solares nos que os parámetros das ordenanzas sexan compatibles, e en todo caso, coa compatibilidade de usos derivadas da súa clasificación como solo urbano.

### **EN SOLO URBANIZABLE .**

O PXOM clasifica dous sectores de solo urbanizable non delimitado de uso industrial. Para estes ámbitos, en tanto non se execute o correspondente planeamento de desenvolvemento, non se concederá ningunha licenza de construción. Sendo compatibles unicamente os usos correspondentes á categoría de solo rústico de protección agropecuaria.

- **As obras de conservación, non se verán afectadas, en ningún caso, nin en ningunha clase de solo pola suspensión de licenzas.**
- **Atenderase ao establecido na Disposición transitoria décimo primeira no referente ás explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e serradoiros existentes, polo que nas construcións e instalacións que cumpran os requisitos referidos no citado artigo non se aplicará o réxime de suspensión de licenzas, polo tanto as actuacións levadas a cabo nas explotacións agropecuarias, ó amparo da devandita disposición, en solo rústico o de núcleo rural, non se verán afectadas pola suspensión.**

Esta suspensión publicarase conxuntamente coa aprobación inicial.

**CUARTO.** Que se lles dea audiencia aos municipios limítrofes, simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública, e que se someta o Plan ás consultas das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas que fosen previamente consultadas, de acordo co artigo 19 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

**QUINTO.** Que se lles soliciten ás administracións públicas competentes os seguintes informes previstos pola lexislación sectorial do Estado e da Comunidade



## CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n  
27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982 501 001  
Fax: 982 501 027  
www.xermade.org

### Autónoma de Galicia:

- Administración Local. Concellos limítrofes: As Pontes, Monfero, Muras, Vilalba, Guitiriz.
- Administración Provincial. Deputación de Lugo.
- Administración Autonómica. Consellería de Cultura e Turismo. Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Administración Autonómica: Augas de Galicia .
- Administración Autonómica. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Secretaría Xeral de Calidade.
- Administración Autonómica. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Dirección Xeral de Mobilidade.
- Administración Autonómica. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Instituto de estudos do Territorio.
- Administración Autonómica. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Dirección Xeral de Infraestruturas.
- Administración Autonómica. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental
- Administración Autonómica. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe.
- Administración Autonómica. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Dirección Xeral de Vivenda.
- Administración Autonómica. Consellería Medio Rural. Dirección Xeral Conservación da Natureza .
- Administración Autonómica. Consellería Medio Rural. Dirección Xeral de Desenvolvemento rural .
- Administración Autonómica. Consellería do Medio Rural. Dirección Xeral de Montes.
- Administración Autonómica. Consellería de Economía e Industria. Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.
- Administración Estatal. Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Confederación Hidrográfica Miño Sil.
- Administración Estatal. Ministerio de Economía e Facenda. Delegación Facenda Lugo. (Comunicación prevista no artigo 189 LPAP).



**CONCELLO DE XERMADE**

Praza do Concello, s/n  
27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982 501 001  
Fax: 982 501 027  
www.xermade.org

- Administración Estatal. Ministerio de Defensa. Dirección General de Infraestructuras.
- Administración Estatal. Ministerio de Industria, Turismo y Comercio. Dirección General de Telecomunicaciones y Tecnologías de la Información
- Administración Estatal. Ministerio de Fomento. Sector Ferroviario (ADIF).
- Administración Estatal. Consejo Nacional del Agua.

En Xermade, a 22 de setembro de 2015.

O Alcalde di que o Plan Xeral de Xermade leva xa moitos anos sendo un proxecto e que é urxente aprobalo pola inminente reforma da lexislación urbanística de Galicia, e porque é un procedemento longo e complexo, xa que hai que expoñelo ó público durante dous meses, remitilo a moitos organismos públicos... etc como ben explicou o representante da empresa na xuntanza do pasado xoves. Di que un representante da empresa vai vir ó Concello para atender ó público tres días por semana polo tema das alegacións que poden presentarse durante os dous meses e resolver todas as consultas da veciñanza. Existirá un modelo tipo para as alegacións, e haberá tamén funcionarios do concello que colaborarán tamén no tema das alegacións ó PXOM. A empresa redactora di que tamén irán polas distintas parroquias do Concello. O equipo de goberno entende que é urxente tramítalo ó antes posible, e tamén entende que a empresa despois de toda a demora na aprobación do planeamento queira cobrar polo traballo realizado.

Toma a palabra o concelleiro do PP D. Antonio Riveira Requeijo, dicindo que o PXOM é un documento de carácter técnico, e que é moi mellorable. Informa que pola parte do grupo popular vaise apoiar a aprobación inicial para facer posibles as alegacións dos veciños; coas alegacións poderáse mellorar o Plan. Di que é necesario dar a maior publicidade posible, cunha adecuada planificación, facilitando planos e demais documentación gráfica, para que o instrumento non falle por falta de coñecemento dos veciños; trátase de que opinen, de que aleguen etc.. e conclúe dicindo que o PXOM é un documento necesario, e que é mellor que o que había.



## CONCELLO DE XERMADE

Praza do Concello, s/n  
27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982 501 001  
Fax: 982 501 027  
www.xermade.org

Toma a palabra o voceiro do BNG, D. Óscar González Pardo, que comeza manifestando que o Pleno extraordinario de hoxe é un gran exemplo de austeridade, tendo outro previsto a vindeira semana, e que representará para os veciños un importe de seiscentos euros; Pleno no que se aproba unha modificación de créditos cuxas explicacións remite ó vindeiro pleno, e unha aprobación inicial dun plan urbanístico do que non coñecen nin os núcleos. Di que non lle cabe na cabeza a diferenza de facelo hoxe a facelo a vindeira semana, non sendo que o único motivo sexa a urxencia da empresa por emitir a factura polos traballos realizados o antes posible. É un documento condicionado dende xa a aprobación dunha lei, e que estase tramitando dende o ano 2007 e agora entran as presas para a súa aprobación. Insiste de novo en que o único interese por adiantalo é da empresa redactora, e que por todo o anterior o BNG vai votar en contra. Lembra ó Pleno que na provincia de Lugo hai catorce plans urbanísticos aprobados unicamente. Critica que non se fixo ben de cara a veciñanza, e considera que nos instrumentos de planeamento os veciños deberían intervir na formación inicial do documento non unha vez elaborado, no período de alegacións, pois é mellor opinar antes, que con posterioridade vía alegacións.

O Alcalde responde que os documentos xa foron elaborados fai tempo e que todos os tomos estaban e están a disposición dos membros da corporación; o instrumento non puido ser facilitado ós cidadáns antes da súa aprobación pero os concelleiros poden acceder a todos os documentos que integran o plan. En relación coa posible modificación da lexislación urbanística, aínda que existan variacións non vai cambiar toda a normativa. En tanto aos núcleos aos que fai referencia, o Alcalde di que a empresa manexa o concepto de núcleos tradicionais, segundo estean reflexados ou non na foto aéreo dos ano cincuenta. Por último, e sobre o tema de preguntar ou consultar antes aos veciños, di que como é normal cada un ten os seus propios intereses, e que o PXOM é elaborado por técnicos e non por políticos, e que este é un documento inicial que pode variar pola existencia das propias alegacións e as súas consecuencias.

D. Óscar González Pardo pregunta se no caso de ter que facer rectificación o Plan a empresa sería a responsable de facelas. O Alcalde responde que habería que ver o estipulado no contrato, e remata dicindo que o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Xermade xa levaba tempo feito e que cando chegou a alcaldía xa estaba practicamente rematado a falta dunhas precisións.



**CONCELLO DE XERMADE**  
Praza do Concello, s/n  
27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982 501 001  
Fax: 982 501 027  
www.xermade.org

Sometida a votación, a Corporación, por oito votos a favor dos catro concelleiros do PSOE, os catro concelleiros do PP, e os dous votos en contra dos concelleiros do BNG, e polo tanto co quórum de **maioría absoluta** esixida polo artigo 47.2 II da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, ACORDA:

**PRIMEIRO.** Que se aprobe inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal nos termos que constan no expediente.

**SEGUNDO.** Que segundo o artigo 85.2 da Lei 9/2002, se abra un período de información pública durante dous meses, mediante un anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no *Diario Oficial de Galicia* e, ademais, nos xornais *A Voz de Galicia* e *O Progreso*. Durante ese período quedará o expediente, con todos os documentos que integran o Plan Xeral, incluído o estudo ambiental estratéxico, á disposición de calquera persoa que queira examinalo para poder presentar as alegacións que se consideren pertinentes.

**TERCEIRO.** Que se suspenda o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente.

A duración máxima da suspensión segundo o artigo 77 da Lei 9/2002, é de dous anos a contar dende a data de aprobación inicial e en calquera caso extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento.

As devanditas áreas afectadas pola suspensión son as relacionadas na seguinte :

### **PROPOSTA DE SUSPENSIÓN DE LICENZAS.**

#### **EN SOLO RÚSTICO.**

Naqueles ámbitos nos que superpostas as clasificacións das distintas categorías de solo rústico dos dous plans, coincidan, poderán outorgarse licenzas, de acordo cos usos que establece a LOUG, e cos preceptivos informes sectoriais, se fora o caso. Cando as



**CONCELLO DE XERMADE**  
Praza do Concello, s/n  
27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982 501 001  
Fax: 982 501 027  
www.xermade.org

categorías de solo rústico nunha mesma parcela non coincidan, poderán outorgarse licenzas para aquelas actividades ou edificacións, que sexan compatibles cos usos permitidos para cada unha delas e cos parámetros máis restritivos.

### **EN SOLO DE NÚCLEO RURAL.**

Superpostas as delimitacións dos núcleos rurais dos dous plans, naqueles ámbitos dos 25 núcleos delimitados no vixente PXOM, nos que coincida esta clase de solo, poderán outorgarse licenzas, sempre cos parámetros máis restritivos de ambas normativas, é dicir, a parcela mínima será a maior das establecidas, e a fronte mínima será igualmente a maior. Nos demais núcleos rurais delimitados no documento que se aprobe inicialmente, non poderán concederse licenzas de obra nova.

### **EN SOLO URBANO.**

O núcleo de Xermade está clasificado como núcleo rural no vixente PXOM e clasifícase como solo urbano no plan en tramitación. Poderán concederse licenza naqueles solares nos que os parámetros das ordenanzas sexan compatibles, e en todo caso, coa compatibilidade de usos derivadas da súa clasificación como solo urbano.

### **EN SOLO URBANIZABLE.**

O PXOM clasifica dous sectores de solo urbanizable non delimitado de uso industrial. Para estes ámbitos, en tanto non se execute o correspondente planeamento de desenvolvemento, non se concederá ningunha licenza de construción. Sendo compatibles unicamente os usos correspondentes á categoría de solo rústico de protección agropecuaria.

- **As obras de conservación, non se verán afectadas, en ningún caso, nin en ningunha clase de solo pola suspensión de licenzas.**
- **Atenderase ao establecido na Disposición transitoria décimo primeira no referente ás explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e serradoiros existentes, polo que nas construcións e instalacións que cumpran os requisitos referidos no citado artigo non se aplicará o réxime de suspensión de licenzas, polo tanto as actuacións levadas a cabo nas**



**explotacións agropecuarias, ó amparo da devandita disposición, en solo rústico o de núcleo rural, non se verán afectadas pola suspensión.**

Esta suspensión publicarase conxuntamente coa aprobación inicial.

**CUARTO.** Que se lles dea audiencia aos municipios limítrofes, simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública, e que se someta o Plan ás consultas das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas que fosen previamente consultadas, de acordo co artigo 19 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

**QUINTO.** Que se lles soliciten ás administracións públicas competentes os seguintes informes previstos pola lexislación sectorial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia :

- Administración Local. Concellos limítrofes: As Pontes, Monfero, Muras, Vilalba, Guitiriz.
- Administración Provincial. Deputación de Lugo.
- Administración Autonómica. Consellería de Cultura e Turismo. Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Administración Autonómica: Augas de Galicia.
- Administración Autonómica. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Secretaria Xeral de Calidade.
- Administración Autonómica. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Dirección Xeral de Mobilidade.
- Administración Autonómica. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Instituto de estudos do Territorio.
- Administración Autonómica. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Dirección Xeral de Infraestruturas.
- Administración Autonómica. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Secretaría Xeral de Calidade e Avaliacion ambiental
- Administración Autonómica. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe.





**CONCELLO DE XERMADE**

Praza do Concello, s/n  
27833 Xermade (Lugo)  
Tel.: 982 501 001  
Fax: 982 501 027  
www.xermade.org

- Administración Autonómica. Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas. Dirección Xeral de Vivenda.
- Administración Autonómica. Consellería Medio Rural. Dirección Xeral Conservación da Natureza .
- Administración Autonómica. Consellería Medio Rural. Dirección Xeral de Desenvolvemento rural .
- Administración Autonómica. Consellería do Medio Rural. Dirección Xeral de Montes.
- Administración Autonómica. Consellería de Economía e Industria. Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.
- Administración Estatal. Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Confederación Hidrográfica Miño Sil.
- Administración Estatal. Ministerio de Economía e Facenda. Delegación Facenda Lugo. (Comunicación prevista no artigo 189 LPAP).
- Administración Estatal. Ministerio de Defensa. Dirección General de Infraestructuras.
- Administración Estatal. Ministerio de Industria, Turismo y Comercio. Dirección General de Telecomunicaciones y Tecnologías de la Información
- Administración Estatal. Ministerio de Fomento. Sector Ferroviario (ADIF).
- Administración Estatal. Consejo Nacional del Agua.

A concelleira do BNG D<sup>a</sup> María do Mar Hermida Pico, quere deixar constancia de que o seu grupo íase abster na votación, pero que dadas as contestacións recibidas pola alcaldía votou en contra.

Rematadas as intervencións, e non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, sendo as vinte horas e trinta e tres minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do Alcalde e da Secretaría que da fe.

V.e Pr.  
O Alcalde

Asdo.: Roberto García Pernas.



A Secretaria Interventora

Asdo.: Ana Elena Fdz del Valle

